

INFORMACIÓN IMPORTANTE - CURSO 22/23

REMATE DAS CLASES:

O último día de clases para **INGLÉS** será o **23 de maio**.

Para o **resto dos idiomas**: o **25 de maio**.

CONVOCATORIA ORDINARIA:

Terá lugar nos derradeiros días do mes de maio e a primeira quincena do mes de xuño (ver calendario de cada idioma)

PUBLICACIÓN DAS NOTAS

Nesta convocatoria haberá dúas quendas diferentes. **Preste atención á que lle corresponde en cada caso :**

08/06/23 ás 14.00:

- Cursos de PROMOCIÓN e os de CERTIFICACIÓN dos NIVEIS A2, B1 e B2 de todos os idiomas (agás Galego).
- C2 de Galego.

16/06/23 ás 14.00:

- Cursos de CERTIFICACIÓN C1 e C2 de todos os idiomas, agás Galego.
- Cursos de CERTIFICACIÓN B2 e C1 de Galego

CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA

As probas escritas e orais de promoción e as orais dos cursos de certificación poderán ter lugar a partir do 16 de xuño (Autorizado pola Inspección Educativa).

As probas escritas de certificación levaranse a cabo a partir do 20 de xuño.

As convocatorias concretas para as probas orais serán publicadas con, polo menos, tres días de antelación. Poderá consultalas na web, premendo no enlace que se habilitará no calendario das probas ou nas listaxes expostas na EOI nos espazos habilitados por cada Departamento.

Ver calendarios da convocatoria extraordinaria

PUBLICACIÓN DAS NOTAS

26/06/23 ás 22.00. Todos os idiomas e niveis

REVISIÓN DAS PROBAS:

O alumnado terá dereito a revisar as súas probas nos días e horarios establecidos por cada departamento, que se rexerán polas quendas de publicación das notas, e que aparecerán nas táboas que se publicarán coa debida antelación.

RECLAMACIÓN:

Tanto para a convocatoria ordinaria, como para a extraordinaria, o alumnado de todos os réximes e modalidades que estea en desacordo coa súa cualificación nas probas de promoción e de certificación poderá presentar unha reclamación ante a Dirección da escola oficial de idiomas no prazo de tres días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, segundo consta no artigo 23 da [RESOLUCIÓN do 25](#) de maio de 2022, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para a preinscrición, admisión, matrícula e organización académica nas escolas oficiais de idiomas de Galicia no curso 2022/23.

Para isto deberá completar e enviar o formulario que pode atopar [AQUÍ](#)

Os prazos son os seguintes:

Convocatoria ordinaria:

- Para os cursos de PROMOCIÓN e os de certificación dos NIVEIS A2, B1 e B2 de todos os idiomas (agás Galego) e C2 de Galego: días 09,12,13 de xuño.
- Para o niveis C1 e C2 de todos os idiomas, agás Galego e niveis B2 e C1 de Galego: días 19,20 e 21 de xuño.

Convocatoria extraordinaria:

Todos os idiomas e niveis: 27,28 e 29 de xuño

AS DATAS DAS PROBAS SON INAMOVIBLES.

Non obstante, de coincidirille unha proba ORAL con outra (oral ou escrita) doutro idioma, a xefatura do departamento pode suxerirille unha opción alternativa para poder presentarse ás distintas probas. Póñase en contacto con esta o antes posible.